

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027526	CEIP Mestre Pastor Barral	Melide	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A presente programación está pensada para levar a cabo no CEIP Mestre Pastor Barral, ubicado no concello de Melide, situado no interior de Galicia, cunha poboación aproximada de 7800 habitantes.

O centro consta dun edificio con dous patios cubertos. Na parte baixa encóntranse as aulas de Educación Infantil, de AL, de PT, de Orientación, de Psicomotricidade, de Plástica, de Música e a Biblioteca; e na parte alta están as aulas de Educación Primaria, Inglés e Relixión.

O horario do centro é de 9:05 a 14:05 e consta do servizo complementario de transporte escolar.

O grupo de 1º de Educación Primaria na que levaremos a cabo a tarefa docente conta con 15 alumn@s, 9 nenos e 6 nenas.

Con todo o programado trátase de que o noso alumnado alcance a finalidade da educación primaria: "facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, a fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparalo para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria"

Neste senso, a área de Ciencia Sociais concíbese co obxectivo de que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas coa súa contorna próxima e lonxana.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3	2	4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CONVIVO CON MOITAS PERSOAS	Ao longo desta primeira unidade do curso trataremos de coñecer a contorna máis próxima aos alumnos/as: a escola e a familia. Realizarán unha pequena árbore xenealóxica a través da indagación e a consulta dos seus seres queridos.	17	13	X		
2	VIVIMOS NUNHA CASA	Traballaranse a tipoloxía de casas, a súa distribución, construción e as tarefas realizadas na familia.	17	13	X		
3	QUE HAI ONDE VIVO?	Ao longo desta UD, o alumnado traballarán a tipoloxía de localidades. Afondarase fundamentalmente nas parroquias de Melide. Ademais, trataranse aspectos como o respecto e coñecemento das normas básicas como peóns así como as partes dunha rúa. Remataremos coa tipoloxía de barrios e os seus servizos.	17	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	QUE VEXO ARREDOR DE MIN?	Nesta UD incidiremos no tempo meteorolóxico, na tipoloxía de paisaxes, a importancia da auga, as estacións do ano e introduciranse conceptos básicos da Terra, o Sol e a Lúa.	17	10		X	
5	GÚSTAME VIAXAR!	Traballaranse a tipoloxía dos transportes atendendo a súa funcionalidade e desprazamento. Iniciarase a conceptualización de enerxía.	16	12			X
6	O PASO DO TEMPO	UD destinada ao estudo das unidades temporais básicas: día, semana, mes e ano, e a percepción dos sucesos no tempo (pasado, presente e futuro) Medición do tempo. Edificios doutros tempos.	16	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CONVIVO CON MOITAS PERSOAS	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Organización da escola: lugares e profesións.	PE	50
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Relacións familiares.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)	TI	50
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Participar activamente nas asembleas e nos contidos a traballar na aula. Aquí valorarase ademais a quenda de palabra e a hixiene postural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Participar activamente na UD.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Realizar as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	O centro educativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	VIVIMOS NUNHA CASA	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferentes tipos de casas.</li> <li>- Distribución da casa.</li> <li>- Construción dunha casa: materiais e profesións.</li> <li>- Tarefas da casa.</li> </ul>	PE	50
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Participar activamente na UD.	TI	50
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Participar activamente nas asembleas e nos contidos a traballar na aula. Aquí valorarase ademais a quenda de palabra e a hixiene postural.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Realizar as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	QUE HAI ONDE VIVO?	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	- Clasificación das localidades. Parroquias de Melide. - Elementos da rúa. - Clasificación dos barrios. - Tendas. - Oficios.	PE	50
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	- Edificios da contorna.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	- Recoñecer as normas como peóns. - Identificar algúns sinais que nos impliquen como peóns.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Participar activamente na UD.	TI	50
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Participar activamente nas asembleas e nos contidos a traballar na aula. Aquí valorarase ademais a quenda de palabra e a hixiene postural.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Realizar as actividades da aula, valorando a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Amosar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Amosa actitudes de respecto ante o patrimonio cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> <li>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.</li> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	QUE VEXO ARREDOR DE MIN?	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender os símbolos empregados en metereoloxía.</li> <li>- Tipoloxía de paisaxes.</li> <li>- Auga: lugares, percorrido da auda dende a montaña ao mar. Características.</li> <li>- Coidado.</li> <li>- Estacións do ano. Características.</li> <li>- Características de elementos do espazo: Terra, Lúa, Sol, estrelas.</li> <li>- As tres "R"</li> </ul>	PE	50
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Participar activamente na UD.	TI	50
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participar en experimentos pautados ou guiados relacionados coa auga.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Participar activamente nas asembleas e nos contidos a traballar na aula. Aquí valorarase ademais a quenda de palabra e a hixiene postural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer e plasmar nas actividades da aula o estudado na UD. Aquí valorarase a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	GÚSTAME VIAXAR!	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clasificación dos transportes atendendo a diferentes criterios.</li> <li>- Necesidades dos transportes.</li> </ul>	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer e interiorizar normas básicas como usuarios dos medios de locomoción.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Participar activamente na UD.	TI	50
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Participar activamente nas asembleas e nos contidos a traballar na aula. Aquí valorarase ademais a quenda de palabra e a hixiene postural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer e plasmar nas actividades da aula o estudado na UD. Aquí valorarase a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O PASO DO TEMPO	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	- Edificios antigos.	PE	50
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	- Pasado, presente e futuro. - Medición do tempo.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais.	TI	50
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Participar activamente na UD.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións. Aquí valorarase todo traballo realizado na casa (orde, limpeza, adecuación e esforzo)		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Participar activamente nas asembleas e nos contidos a traballar na aula. Aquí valorarase ademais a quenda de palabra e a hixiene postural.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer e plasmar nas actividades da aula o estudado na UD. Aquí valorarase a orde, limpeza, adecuación, tempo e esforzo.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio cultural.		
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas da súa historia familiar.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> </ul>

## Contidos

- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.
- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.
- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.
- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.
- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.
- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta programación poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva (aínda que este principio non se conseguirá ata que a administración non dote aos centros dos recursos precisos), activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizaremos a práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade d@s alumn@s, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de tod@s elas/es e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Coidaremos á atención personalizada do alumnado, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Poñeremos en práctica mecanismos de reforzo e medidas ordinarias de atención á diversidade na aula tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Entre estas medidas consideraremos o apoio no grupo ordinario ou as adaptacións do currículo ou de metodoloxías.

Deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais.

Recursos materiais.
Recursos tecnolóxicos.
Recursos dixitais.
Recursos espaciais.

#### RECURSOS PERSOAIS:

Internos: nun principio temos á titora máis os especialistas.

Externos: contamos cos outros dous centros educativos de Melide, o Instituto, o Concello de Melide e a Biblioteca municipal.

RECURSOS MATERIAIS: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar:

- Libros de texto da editorial Santillana.
- Actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Material funxible.
- Libros de consulta.
- Globo terráqueo.

RECURSOS TECNOLÓXICOS: ordenadores, robots educativos, encerados dixitais, proxectores, ordenadores, entre outros.

RECURSOS DIXITAIS: libro dixital, páxinas webs educativas, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de Plástica, aula de Música, aula de Relixión, aula de Inglés, ximnasio así como os diversos espazos da contorna.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumn@.
- Realizarase actividades para a avaliación inicial.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
  - Torbellino de ideas antes de cada unidade didáctica.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### **Criterios de cualificación:**

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estes son as probas escritas e as táboas de indicadores.

As probas escritas terán un peso do 50% e corresponderán ás probas escrita obxectivas.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas e escalas de observación, entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican e avaliarán tanto o traballo diaria na aula (30%), o traballo realizado na casa (10%) e as normas de convivencia na aula (10%) Ditas porcentaxes atópanse distribuídas entre os diferentes criterios de avaliación de cada unidade didáctica.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo das probas escritas realizarase a media aritmética das unidades de cada trimestre.

O resultado dos cálculos da nota final redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Tamén hai que indicar que a partir do segundo trimestre traballaranse diferentes regras ortográficas (maiúsculas, punto, mp/mb, signos de interrogación e exclamación). A medida que se van dando, restarase nas probas escritas por cada fallo 0,1 da nota final.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 40% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 60%.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado a través dunha avaliación inicial. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos elaborados e levados a cabo polo profesorado que imparta a área, de ser posible, contarase coa con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria. Ademais, de ser necesario traballaranse programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización do período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como

poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais...

- Atención individualizada.

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas ó medio natural, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

Establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro)

Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual						X
ET.4 - Competencia dixital						X
ET.5 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:



Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCSS serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a museos, exposicións,..	X	X	X
Saídas á contorna	Contorna próxima.	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Primeiros auxilios, entre outros.	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar.	X	X	X

### Observacións:

Este curso escolar a temática do centro versará sobre "Os camélidos" (características, hábitat, civilizacións,...)

Con todo, nun principio temos planificado as seguintes actividades complementarias:

- 1º TRIMESTRE:

- Actividade coa fundación ENKI.
- Cine en Santiago de Compostela (NUMAX) Visionado da película "Momias"

- 2º TRIMESTRE:

- Visita ao Enredo do abelleiro en Arzúa máis o encoro de Portodemouros coa posibilidade de cruzar nun ferri.
- Visita guiada as ruínas romanas e termas en Lugo.

- 3º TRIMESTRE:

- Saída a Fervenza aventura. Actividade de convivencia con todo o alumnado do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan?
Préstase atención aos elementos transversais plantexados?

Metodoloxía empregada
Consegiuse motivar ao alumnado?
Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes tarefas propostas?
Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes tarefas ou actividades?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveitáronse os recursos dos que dispón o centro?
Medidas de atención á diversidade
Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado?
Adáptanse as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Tomáronse medidas para atender ao ACNEAE?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente?
Mantívose contacto coas familias logrando a súa implicación no proceso?

#### Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Empregarase o diario de aula para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## **9. Outros apartados**

### **1. OBSERVACIÓNS**

A realización de dita programación supuxo unha merma na calidade da preparación das miñas clases de 1º de Educación Primaria xa que se nos impuso unha data de entrega moi curta, o 20 de setembro de 2023, cando as/os titoras/es dos cursos impares non tiveramos ningún tipo de experiencia coa aplicación PROENS. A isto hai que sumarlle que a aplicación estivo inoperativa 2 días, que REALMENTE para crear unha programación de "calidade" tivemos, tristemente, 7 días. E dende o día 11 de setembro de 2023 invertín 4 horas diarias, é dicir, que en vez de traballar 37 horas e media á semana, aportei 15 horas e media de máis. Dito isto, espero que dita observación se teña en conta para que nun futuro a Consellería pense máis na calidade das clases reais e non na burocracia.